

PÉREZ BARCALA, Gerardo (2013): *A tradución galega do Liber de medicina equorum de Giordano Ruffo*. A Coruña: Fundación Barrié (Col. Biblioteca Filolóxica Galega), 712 pp.

Tradicionalmente, a prosa literaria medieval galego-portuguesa, en especial a producida en Galiza, non suscitou a mesma curiosidade e atención que o universo trobadoresco das cantigas que compoñen os cancioneiros profanos e marianos galego-portugueses. Isto foi así por razóns, de diversa índole, que pouco teñen que ver coa realidade, cuantitativa e cualitativa, da cultura escrita do occidente peninsular, pois non faltaban no seu acervo prosístico medieval conservado textos que reconstruír ou reinterpretar, testemuños que transcribir por primeira vez, edicións que revisar ou (re)facer, contextos históricos e socioculturais nos que se mergullar... Só nas últimas décadas do século XX e nos comezos do actual comezou a revertirse a tendencia pola acción duns poucos editores que procederon á decidida e rigorosa exhumación, a través de edicións fiábeis e estudos exhaustivos, das nosas xoias literarias medievais. O fragmento do *Livro de Tristam* (Pensado 1965), o compendio historiográfico da *Crónica de Castela* e da *Estoria de España* (Lorenzo 1975-77), a *Crónica troiana* promovida por Fernán Pérez de Andrade (Lorenzo 1985), a *Crónica de Santa María Iria* (Souto Cabo 2001) ou os *Miragres de Santiago* (Lorenzo 2004), entre outros, foron abrindo este camiño e creando modelos nos que fundamentar o labor dos que veñen detrás. Estes froitos foron, certamente, grandes pasos adiante, mais fica aínda moito por facer e é desexábel que non remita o interese polo estudo da prosa medieval, tanto no ámbito da actividade académica (teses ou de doutoramento ou de mestrado), como no da difusión científica (publicacións especializadas, edicións, contribucións en simposios, seminarios etc.). Pénsese, por exemplo, na necesidade de poñermos á disposición do público interesado –na historia da lingua ou da literatura– a transcripción e edición integral da nosa produción historiográfica, ficcional ou

xurídica, especialmente se podemos facelo, de maneira complementaria, a través de repositorios dixitais de acceso múltiple (transcripción paleográfica ou diplomática, edición interpretativa, texto crítico anotado etc.). Por fortuna, a continuidade está garantida, pois xa contamos co impulso dalgúns proxectos en andamento con obxectivos a curto e medio prazo para a multiedición e estudo de pezas tan emblemáticas da nosa prosa medieval –algunhas con máis dun testemuño e con traducións para o castelán– como a *Historia troiana*, a *Geral estoria*, o fragmento do *Livro de Tristam*, a *Crónica de 1404*, a *Estoria de España* (o testemuño máis tardío) ou unha presentación conxunta e confrontada da docena de fragmentos que conservamos das *Partidas* de Afonso X.

Precisamente, Gerardo Pérez Barcala representa un destes contados exemplos cuxo traballo, felizmente, conecta co labor máis selecto da edición de textos medievais galegos á que me referín antes. Este autor, tamén especialista no ámbito da lírica profana trobadoresca, vén desenvolvendo no último quindenio unha eficiente investigación no campo da prosa técnica e didáctica, nomeadamente, no complexo universo literario –galego-portugués, mais tamén europeo– orientado aos tratados de hipoloxía e hipiatría. Pese á súa ampla extensión e repercusión, a monografía da que me fago eco nesta recensión, *A tradución galega do Liber de medicina equorum de Giordano Ruffo*, publicada en 2013 na Colección Biblioteca Filolóxica Galega da Fundación Barrié, tan só reflicte unha parte da investigación que Pérez Barcala desenvolve desde 2004, ou mesmo antes, cando se lle encomenda a revisión do rascuño editorial do *Tratado de alveitaria* (TA) que José Luis Pensado deixara sen finalizar e que se publicaría postumamente baixo o auspicio do Centro Ramón Piñeiro (Pensado Tomé 2004), acompañado, en

apéndice, dunha “proposta de edición” complementaria, sen aparato crítico e de carácter provisional, levada a cabo polo propio revisor (Pérez Barcala 2004). Pola súa parte, a monografía publicada en 2013 supuxo unha posta a punto da investigación presentada como tese de doutoramento na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela tres anos antes, baixo a codirección das profesoras Mercedes Brea e Pilar Lorenzo Gradín, e pola que obtivo a cualificación de *Sobresaliente cum laude*. Con anterioridade a este imponente ensaio, mais sobre todo nos últimos catro anos, o autor vén publicando novos estudos actualizadores, centrándose na análise de certas cuestións ecdóticas e léxico-semánticas do *Tratado de alveitaria* [TA] galego (Pérez Barcala 2015a, 2015b, 2016a), mais tamén orientados ao estudo do contexto peninsular e europeo no que se integra este manuscrito, como testemuño da vasta tradición textual do *Liber de medicina equorum*, en particular a outra tradución occidental coñecida, o *Livro de alveitaria* do Mestre Giraldo, promovida polo rei D. Dinis en 1318 (Pérez Barcala 2016b, 2017), para o que o autor tamén preparou unha transcripción paleográfica e edición interpretativa.

O obxectivo primordial da obra de Pérez Barcala (2013) é o establecemento do texto crítico da tradución galega do veterinario calabrés, Giordano Ruffo, conservada, como é sabido, nun único manuscrito do primeiro cuartel do século XV (BNE ms. 23076). Esta é a característica principal que distingue a súa edición das dúas anteriores, a de Juan Domínguez Fontela (publicada entre 1938 e 1940) e a póstuma de José Luis Pensado (2004), centradas en dar a coñecer o texto a través dunha presentación (semi)paleográfica. Na monografía de Pérez Barcala, non vamos achar, por tanto, una nova lectura paleográfica ou diplomática, ou unha transcripción ou edición interpretativa sen máis intervención editorial que a habitual nivelación gráfica. O que se nos ofrece é un texto regularizado graficamente –sen desvirtuar, na medida do posíbel, a substancia lingüística– en pro da maior lexibilidade, mais tamén unha proposta de texto crítico reconstrutivo no que se efectúan as emendas e correccións necesarias para aproximarse ao máximo posíbel, sempre segundo a interpretación do editor, á tradución orixinal galego-portuguesa que serviu de modelo á copia catrocentista que hoxe conservamos (§ II.1). Neste sentido, o autor insiste nas grandes dificultades que supón o establecemento textual

do *Tratado de alveitaria*, debido principalmente ás limitacións impostas polo escaso coñecemento da tradición latina e romance da obra de Giordano Ruffo. Por esta razón, a edición complementábase coa transcripción en apéndice do texto do manual latino –a través da edición decimonónica de G. Molin (1818), único acceso posíbel á obra do autor calabrés–, dividida en parágrafos numerados (e emparellados co texto galego), o que permite o estudo de certas particularidades relativas ao proceso de tradución a través do confronto da versión galega co seu modelo latino máis afín (§ VI).

Canto á metodoloxía editorial, certamente os interesados na análise do diasistema escriptolingüístico latente en todo escrito medieval non van poder aproveitar de maneira directa o texto conservado no *Tratado de alveitaria* a través desta proposta editorial. Neste sentido, aínda non sendo o obxectivo primordial para o seu editor, o gran esforzo de fixación do texto crítico ben podería implementarse cunha lectura paleográfica que ofrecese ao público interesado unha transcripción limpa e non intervida (fóra dos elementos alográficos ou pictográficos menos importantes, e con marcaxe de desenvolvemento abreviativo) na que tamén se incorporase a corrección, como o propio autor reconece (p. 14), dos erros de lectura cometidos polos anteriores editores. Isto permitiría acceder ao texto con maior aproveitamento por parte dun amplo sector dos investigadores interesados nos textos medievais. Cómpre indicar, no entanto, que a edición de Pérez Barcala inclúe os mecanismos necesarios para acceder, aínda que de maneira indirecta e non sistemática, á materialidade gráfica do texto, grazas á anotación das variantes paleográficas das leccións emendadas no texto crítico (adicionadas en forma de notas a rodapé) e á anotación léxico-lingüística que se estende no bloque máis amplo da monografía; nel, entre outras moitas informacións, dáse conta das particularidades ecdóticas máis relevantes na discusión do establecemento do texto e das diferenzas de lectura con respecto ás edicións anteriores. Concordamos co autor –que se apoia con acerto en Sánchez-Prieto Borja (1998)– na convicción de a transcripción paleográfica constituír o inicio do proceso editorial, mais non o seu resultado final (p. 91). Porén, ese primeiro establecemento paleográfico, máis ou menos conservador, continúa a ser moi útil en si mesmo e non debe ficar no esquecemento, gardado con pecho entre os materiais de traballo dos que xurdiu a edición. Pola contra, debe ser

un aspecto máis a entregar ao público lector, especialmente cando se fai en soporte dixital e cunha codificación axeitada para a súa correcta visualización e reaproveitamento informático (procuras internas, concordancias etc.). Felizmente, sabemos da intención do autor, como parte do seu proxecto posdoutoral, de concibir unha plataforma ou repositorio dixital vinculado á tradición literaria do *Liber de medicina equorum* na que talvez teñan cabida este tipo de esixencias ou demandas por parte dun público ávido por poder interaxir de maneira máis efectiva e dinámica cos novos textos medievais que se van editando.

O traballo de Pérez Barcala non se detén, por suposto, en establecer o texto crítico do *Tratado de alveitaria* (§ III), senón que tamén, como xa se indicou, ofrece unha inxente cantidade de información, maiormente léxica, na sección máis extensa da monografía, dedicada á anotación do texto (§ IV, pp. 207-602). O seu obxectivo principal é, por unha parte, xustificar pormenorizadamente as correccións e emendas realizadas no texto crítico, en particular aquelas que máis diverxencias presentan con respecto ás edicións precedentes, e, por outro, ofrecer un comentario léxico o máis detallado posíbel do significado das voces específicas dunha obra que, pola súa propia natureza, está inzada de tecnicismos pertencentes aos eidos da veterinaria, da cirurxía ou da farmacoloxía. É importante resaltar a este respecto que a consulta de toda esta masa informativa de natureza léxica vese facilitada pola inclusión dun Glosario (§ V) no que se rexistran as voces técnicas analizadas, acompañadas da indicación do número de ocorrencias e das pasaxes nas que o vocábulo indexado é obxecto de análise. No capítulo § IV tamén se anotan, aínda que en menor medida, todas aquelas cuestións relacionadas co método de tradución, particularmente aquelas que permiten esclarecer certas pasaxes escuras ou argumentar as intervencións editoriais. Por último, tamén se comentan certas particularidades gráficas, fonéticas, morfolóxicas e mesmo prosódicas do texto, aínda que, como xa queda dito, non é a finalidade principal deste capítulo.

Para alén da edición do texto, da profusa anotación e do glosario, inclúese, como é lóxico, un conxunto de apartados introdutorios nos que se expoñen os principios metodolóxicos e editoriais, así como os principais trazos definitorios do contexto sociocultural no que

se forxou o modelo latino de Giordano Ruffo e a súa indiscutíbel difusión posterior, tanto en Europa como na Península, particularmente na área occidental galego-portuguesa. Os criterios de edición (§ II), aos que xa me referín brevemente antes no que respecta á estratexia ecdótica, axúdannos a comprender o grao e natureza das intervencións editoriais, así como coñecer de primeira man algúns aspectos problemáticos da edición, relativos tanto ás peculiaridades materiais do códice que transmite a obra como á interpretación de certas unidades gráficas e abreviativas características da gótica cursiva do copista (§ II.2). Por outra parte, tamén se detallan os criterios de presentación gráfica (§ II.3), tanto no que respecta á regularización das variantes gráficas e á interpretación das unidades abreviativas, como no relativo á aplicación de parámetros de nivelación suprasegmental (puntuación, acentuación, segmentación gráfica, uso de maiúsculas e minúsculas) e outras convenções tipográficas e editoriais.

Polo que respecta ao primeiro capítulo da monografía, encontrámonos ante un excelente compendio informativo e bibliográfico relativo ao contexto biográfico, sociocultural e literario no que predeu e se desenvolveu a intensa actividade cultural de Giordano Ruffo no ámbito da corte de Federico II, así como a dilatada tradición, fortuna e difusión manuscrita e impresa, tanto en latín como en romance, do seu *Liber de medicina equorum* —composto a mediados do séc. XIII—, da que forman parte, tamén, as dúas traducións occidentais en foco, particularmente a galega. Respecto dela, Pérez Barcala ofrece unha pormenorizada descrición codicolóxica do manuscrito e reconstrúe a súa historia externa posmedieval, apoiándose no testemuño dos editores anteriores. Máis interesante aínda —e máis complexo ao mesmo tempo— resultan as breves notas dedicadas ao amanuense do séc. XV que copia o exemplar que hoxe coñecemos. Trátase dun notario baionés, Álvaro Eanes das Eiras, operativo entre finais do séc. XIV e comezos do XV nesta área xeográfica —e ao parecer personaxe de confianza ou ao servizo do bispo de Tui Xoán Fernández de Soutomaior—, que copia o *Tratado de alveitaria* nun volume no que tamén inclúe unha serie de documentos notariais datados entre 1409 e 1420. Malia as dificultades de reconstrución do percurso vital e profesional deste individuo e, aínda máis, da atribución hipotética do comitente ou promotor desta copia, o certo é que a identificación —persoal e xeográfica— do copista é unha moi boa pista de onde

tirar moitos fíos. Con certeza, haberá que poñer en relación tanto a copia como o seu antígrafo –presumibelmente tamén galego-portugués e do séc. XIV–, así como os seus promotores e as motivacións que os levaron a encargar eses exemplares, coa probada actividade libraria e literaria de copia, tradución, compilación e colocación textual levada a cabo nesta mesma área xeográfica transfronteiriza (tudense-toroñesa e alto-minhota) desde comezos do Trescentos e ao longo desta centuria e comezos da seguinte. O certo é que nestas coordenadas espazo-temporais podemos rastrexar unha certa propensión ao préstamo e circulación de manuscritos (orixinais, rascuños, modelos, copias) de diferente natureza (literaria, historiográfica, xurídica, técnica) e procedencia socioprofesional (ámbito notarial e xurídico, cortes nobiliarias). Pensemos, por exemplo, nas copias ou traducións da *Crónica de Castela* e da *Estoria de España*, e na copia –hoxe fragmentaria– do *Livro de Tristram*, promovidas talvez no entorno señorial dos Lima na primeira metade do séc. XIV. Neste último caso, resulta até certo punto suxestivo o feito de que o modelo do que se copia o *Livro de Tristram* (e tamén no caso da copia do *Livro de Merlim*) talvez procedese da corte rexia de D. Dinis, nunha época non moi distante da que este mesmo monarca encarga ao seu físico a tradución do *Livro de alveitaria*. Lembremos, tamén, a actividade tabeliónica e xurídica de Vasco Lourenço de Tui, notario nas mesmas coordenadas espazo-temporais nas que traballaba Álvaro Eanes, que posuía e usaba profusamente un códice misceláneo do *Fuero real* (de finais do séc. XIV-comezos do XV) no que apuntaba, en galego (aínda que con certa interferencia do castelán), todo tipo de glosas e indicacións de diversa índole (epigráfica, explicativa, identificativa ou correctiva), mesmo completando o texto con novas seccións redixidas integramente na súa variedade lingüística.

Para o estudo do contexto sociocultural ao que me estou a referir, parece conveniente realizar unha nova transcripción –máis alá da lectura realizada polo primeiro editor– e estudo do conxunto documental de Álvaro Eanes na procura de máis trazos (extra)lingüísticos que poidan contribuír a desvendar, dalgunha maneira, o contexto persoal e sociocultural dos artífices da copia de TA e do seu antecedente trecentista máis inmediato. Polas mesmas razóns, sería tamén desexábel un confronto lingüístico e textual exhaustivo entre o *Tratado* e o *Livro* do

Mestre Giraldo, malia constituíren traducións independentes do manual de Ruffo.

Parabenizamos, en definitiva, o autor desta monografía, non só pola mestría e rigorosidade coa que se enfrontou á edición, anotación e contextualización do texto, mais tamén polo esforzo investido na pesquisa interdisciplinar que continúa levando a cabo verbo da recepción occidental do *Liber de medicina equorum* de Giordano Ruffo.

Ricardo PICHEL GOTÉRREZ
Universidad de Alcalá
ricardo.pichel@uah.es

Referencias bibliográficas

- Lorenzo, Ramón (1975-77): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijóo, 2 vols.
- (1985): *Crónica Troiana. Introducción e texto*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- (2004): *Mjragres de Santiago / Milagres de Santiago / Milagros de Santiago*. [Valencia]: Scriptorium Ediciones Limitadas, 2 vols.
- Pensado Tomé, José Luis (2004): *Tratado de Alveitaria* (introducción, transcripción e glosario de J. L. Pensado; revisión para a imprenta e edición en apéndice de G. Pérez Barcala [pp. 365-414]). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Pérez Barcala, Gerardo (2015a): “El tratado de veterinaria de Giordano Ruffo: para la enmienda de algunos simples de la traducción gallega”, *Cultura neolatina* 75/3-4, pp. 349-384.
- (2015b): “[e]scrofulas, que dizen porcas: notas críticas e léxicas sobre un paisaje del “Tratado de Alveitaria”, *Revista de lexicografía* 21, pp. 47-92.
- (2016a): “De la lección manuscrita a la edición: los errores de la traducción gallega del *De medicina equorum*”, *Estudios románicos* 25, pp. 133-151.
- (2016b): “El cód. 2294 de la Biblioteca Nacional de Portugal y el falso libro de ceterería del Mestre Giraldo: revisitando un problema de atribución”, en E. Corral Díaz *et. al.* (coords.), *Cantares de amigos: estudos en homenaxe a Mercedes Brea*. Santiago de Compostela: USC, pp. 711-722.
- (2017): “Manuel do Cenáculo y un *Livro de Alveitaria*: anotaciones sobre el Cód. 2294 de la Biblioteca Nacional de Portugal”, en preparación.
- Souto Cabo, José António (2001): *Crónica de Santa María de Iria. Rui Vasques (estudo e edición)*. Santiago de Compostela / Sada: Cabido da S.A.M.I. Seminario de Estudos Galegos / Edicións do Castro.